



Clube de Montaña Xistra

DESCENSO DE BARRANCOS

Río da Cal

5 xuño 2022



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral para o Deporte



DEPORTE
GALEGO

Clube de Montaña Xistra

Rúa Zaragoza 62 Baixo
Apdo. 5.430 - 36200 VIGO
Telf./Fax 886 11 70 11
www.xistra.org
info@xistra.org

Vigo, 12 de maio de 2022

Estimados compañeiros:

Dende o Clube de Montaña Xistra desexamos convidarvos o Descenso de Barrancos da FGM 2022, que este ano temos a honra de organizar. O descenso será no río da Cal, no Concello do Rosal.

PROGRAMA

DÍA 5 – Actividade oficial.

- 10:00h: Agrupamento de participantes.
- 10:30 - 11:00h: Aproximación e inicio barranco.
- 15:00h Merenda
- 17h: Clausura actividade.

É necesario levar provisións para comer durante o descenso.

Material obrigatorio para realizar a actividade: casco, neopreno, calzado adecuado á actividade, arnés, daga e 3 mosquetóns (MÍNIMO 1 HMS e 2 sen seguro), 2 cabos de ancoraxe, cinta e oito.

ATENCIÓN: QUEN NON LEVE ESTE MATERIAL INDIVIDUAL NON PODERÁ FACER A ACTIVIDADE. NON HAI ESCUSAS.

IMPORTANTE:

NESTA ACTIVIDADE HABERÁ UN NÚMERO MÁXIMO DE 12 ASISTENTES.

A ORGANIZACIÓN INDICARÁ POSIBLES INCREMENTOS DE PARTICIPACIÓN UNS DÍAS PREVIOS Ó DESCENSO E SERÁ EN FUNCIÓN DA CANTIDADE DE GUÍAS-ORGANIZADORES QUE ESTEAN DISPOÑIBLES DURANTE O EVENTO. HAI LISTAXE DE ESPERA.

<https://xistra.playoffinformatica.com/actividad/38/BARRANQUISMO-FGM-Rio-Cal-05-06-2022/>

O custe de actividade son 10 €.

Obrigatorio vacinación Covid-19, sen síntomas compatibles coa enfermidade e con test antixenos negativo.

O custe inclúe:

- Revisión e preparación do barranco
- Test Covid rápido
- Asistencia con todoterro para transporte de material
- Pequena merenda e refrescos
- Agasallo/recordo da actividade

Clube de Montaña Xistra

Rúa Zaragoza 62 Baixo
Apdo. 5.430 - 36200 VIGO
Telf./Fax 886 11 70 11
www.xistra.org
info@xistra.org

Regulamento:

1. Esta actividade terá lugar o día 05 de xuño de 2022. O lugar e a data do descenso poderán mudar en función do caudal do río, de cuestións de seguridade e doutras consideracións da Organización.
2. Poderán participar unicamente montañeiros federados con licenza deportiva que cubra esta actividade, coa experiencia mínima necesaria e que mostren condicións físicas adecuadas.
3. Os deportistas deberán ir provistos do material e prendas adecuadas para a actividade: neopreno ou prendas aptas para a auga, casco, arnés, oíto, comida para o descenso e demais material da actividade.
4. A organización poderá vetar a participación de calquera deportista que non cumpra dos puntos 2 e 3, cuestión que non exime ós participantes da súa responsabilidade persoal e total se son admitidos.
5. O material colectivo levarao a Organización.
6. As inscricións efectuaranse na web do Clube de Montaña Xistra www.xistra.org, antes do día **31 de maio de 2022**.
7. Os participantes nesta actividade asumen a aceptación completa deste regulamento. Calquera cuestión ou dúbida será resolta pola Organización, e a súa decisión será de obrigado cumprimento.
8. Os participantes comprométese a seren respectuosos ó máximo co entorno. Queda prohibido totalmente deixar lixo ou residuos.
9. A Organización non se fai responsable de ningún tipo de accidente.
10. Obrigatorio vacinación Covid-19, sen síntomas compatibles coa enfermidade e con test antixenos negativo.
11. **SÓ PODERÁN PARTICIPAR ÓS FEDERADOS QUE PRESENTEN CUMPRIMENTADA A FOLLA DE INSCRICIÓN OBRIGATORIA VIXENTE E DISPOÑIBLE NA PÁXINA WEB DA FEDERACIÓN.**